

- Cando se trate de servizos periódicos, o ingreso da taxa realizarase nos prazos e lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta Ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito no que se detalle o tipo de servizo e lugar para o que se solicita e os demais requisitos que se esixan polo Concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos periódicos.
- Cando finalice a necesidade do servizo periódico, por cambio de propietario, etc., os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no Padrón da Taxa e fornecerá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obrigaçión de continuar abonando a Taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Dende a entrada en vigor desta Ordenanza Fiscal queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por servizos de matadeiros, lonxas e mercados así como o carrexo de carnes se houbese de utilizarse dun modo obrigatorio; e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR
INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA**

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por instalación de quioscos na vía pública.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

- Constitúe o feito imponible desta Taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva da realización de ocupacións en terreos de uso público local con quioscos ou outras pequenas construcións removibles de características análogas.
- En ningún caso a presentación de autoliquidacións ou declaracións, ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Concello de Ponte Caldelas as distintas instalacións.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

- Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 27 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas ou conce-

sións, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, será os establecidos na normativa tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

- A cota desta Taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas, agás no suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, nos que a contía da taxa será o valor económico da proposición, que en ningún caso poderá ser menor da cantidade resultante da aplicación do disposto neste artigo:

CONCEPTO	COTA
A. QUIOSCOS UBICADOS NA VILA DE PONTE CALDELAS	
Dedicados a venta de bebidas, cafés, refrescos, etc. por m ² e ano	30,02 €
Dedicados a venta de prensa, libros, tabacos, etc. por m ² e ano	24,02 €
Dedicados a venta de helados, refrescos e outros por m ² e ano ou temporada	12,01 €
Non incluídos nos epígrafes anteriores, por m ² e ano ou temporada	12,01 €
B. QUIOSCOS UBICADOS NOUTRAS LOCALIDADES DO MUNICIPIO	
Dedicados a venta de bebidas, cafés, refrescos, etc. por m ² e ano	24,02 €
Dedicados a venta de prensa, libros, tabacos, etc. por m ² e ano	18,01 €
Non incluídos en epígrafes anteriores	12,01 €

**C. QUIOSCOS UBICADOS EN TERREOS PÚBLICOS
SITUADOS NO CONTORNO DA PISCINA FLUVIAL DA
CALZADA E TERREOS ANEXOS ÁS INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS DE CHAN DÁ BARCIA, SERÁN
CONSIDERADOS COMO DA CLASE A)**

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Soamente admitiranse os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 7º. DEVENGO

- O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta a o longo do período impositivo, en cuxo caso devéngase no momento da citada alta.
- As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período sinalado.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirá a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servizos de devengo periódico, liquidarase e esixirá a Taxa nos períodos que se sinalan na tarifa da Taxa ou en liquidación única anual.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, procederase a liquidar e notificar a débeda, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9º. INGRESO

- No caso das liquidacións de servizos puntuais, o pago da taxa realizarase na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao comezo do

expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

2. Nas liquidacións por recibo ou Padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas para que se sinalen no edicto de exposición pública do Padrón.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta Taxa, deberán presentar solicitude acompañada de plano, detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Con carácter previo á autorización ou concesión da licenza, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento abonará o importe da Taxa en calidade de depósito previo.

En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da Taxa ingresada en calidade de depósito previo.

2. Unha vez autorizada ou concedida licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.
3. Cando finalice o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón da Taxa e fornecerá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obrigaçión de continuar abonando a Taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP, entrará en vigor con data de 1 de xaneiro de 2008.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Dende a entrada en vigor desta Ordenanza fiscal queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por instalación de quioscos na vía pública.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte Caldelas acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúen o feito imponible da Taxa, a prestación dos servizos de distribución de auga potable polo Concello de Ponte Caldelas, incluídos os dereitos de acometida á rede e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.
2. Non estarán suxeitos a taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de solar ou terreo,

sempre que non están habitados e non fagan uso da rede de abastecemento.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei, 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, ata de precario.
2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5º. BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de abastecemento de auga.

ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA

1. A cota desta Taxa será o resultado de aplicar as tarifas contidas no presente artigo.
2. As tarifas desta taxa serán as seguintes:

CONCEPTO	COTA
00- LOCAL VACÍO, EN OBRA, RUÍNA, ETC..	0,00 €
01-VIVENDAS (ANEXO I)	
Mínimo de 30 m ³ al mes, por mes	3,84 €
Exceso do mínimo por m ³	1,19 €
Cota mínima anual	46,13 €
02-ACTIVIDADES COMERCIAIS MENORES, PROFESIONAIS, ARTÍSTICAS E SERVIZOS (ANEXO II)	
Mínimo de 45 m ³ al mes, por mes	5,40 €
Exceso do mínimo por m ³	1,19 €
Cota mínima anual	64,87 €
03-HOSTELERÍA MENOR (ANEXO III)	
Mínimo de 60 m ³ al mes, por mes	9,60 €
Exceso do mínimo por m ³	1,19 €
Cota mínima anual	115,29 €
04.—ACTIVIDADES INDUSTRIALES: BANCOS, HOTELES, RESTAURANTES (ANEXO IV)	
Mínimo de 90 m ³ al mes, por mes	15,01 €
Exceso do mínimo por m ³	1,19 €
Cota mínima anual	180,15 €
ACOMETIDA RED VIVENDA UNIFAMILIAR	400,00 €
ACOMETIDA RED EDIFICIOS COLECTIVOS	220,00 €

3. Nos supostos non previstos nos epígrafes das tarifas ou seus anexos facturaranse por similitude.
4. Nos establecementos ou locais onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nos epígrafes e seus anexos tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.
5. As vivendas onde ademais se realice unha actividade económica tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.
6. As vivendas unifamiliares onde se realice unha actividade económica dos epígrafes 02 ou 03 tributarán cada un polo seu uso sempre que o local dispoña de acceso directo dende a rúa independente da vivenda.